



**Activista da contemporaneidade, artista multimedia e escritor. Antón Reixa (Vigo, 1957) é unha das figuras de referencia obrigada nas mudanzas experimentadas na plástica e na literatura galega durante a década dos oitenta. Vencellado ó que se deu en chamar a movida viguesa –á fronte do grupo Os Resentidos (entre 1982 e 1994)– e membro fundador do movemento poético Rompente, Reixa verteu na música galega o estourido pop e irónico das súas letras. Artista total e un dos primeiros videocreadores galegos, abriu novos vieiros de expresión que dende os noventa quixo reflectir na RDL: o alento dunha conciencia irónica**

## Antón Reixa stradivarios caindo

stradivarios intres ao día diría eu fermosísimas verbas  
con zeta  
todas facendo zum zum  
zum zum stradivarias veces sentindo a estalactita peluda  
do teu pinga pinga  
pinga pingando sempre aéreo a miña boca bocanoite esfínter  
bocamanga bocadillo boca etcétera  
stradivarias ou mais ou menos catro esquinitas tiene mi/  
cama  
zum zum stradivarios disparos facendo un burato de tempo  
así redondo pra meter o dedo e cagarse en ningún dios  
stradivarias veces na vida podemos entrar nesa mansión  
violiar ás señoras sustraer as billeteras dos caballeros